

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**2853** *Corrección de erros do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

Advertidos erros no Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 20, do 24 de xaneiro de 2012, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 19, artigo 44.1, letras a), segunda liña, e b), onde di: «... SIXPAC superior ou igual ao 10 por cento: 136 euros por hectárea. b) Resto de plantacións: 109 euros por hectárea.», debe dicir: «... SIXPAC superior ou igual ao 10 por cento: 129 euros por hectárea. b) Resto de plantacións: 102 euros por hectárea.».

Na páxina 48, disposición derogatoria única, onde di: «Queda derogado o Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría do 31 de xaneiro de 2010, con excepción da disposición adicional primeira, a disposición transitoria segunda e a disposición derradeira terceira.», debe dicir: «Queda derogado o Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, con excepción da disposición adicional primeira, a disposición transitoria segunda e a disposición derradeira terceira.».

Na páxina 49, disposición derradeira terceira, onde di: «Seis. Engádese o seguinte anexo XX: «ANEXO XX Plantas forestais de ciclo curto admisibles para o RPU, densidade mínima de plantación e ciclo máximo de colleita.», debe dicir: «Seis. Engádese o seguinte anexo VIII: «ANEXO VIII Plantas forestais de ciclo curto admisibles para o RPU, densidade mínima de plantación e ciclo máximo de colleita.».